

Xosé Arias Uría, un ministro progresista de Betanzos

XOSE RAMON BARREIRO FERNANDEZ*

España desperta á vida política no século XIX. O control da “res publica” que durante o Antigo Réximen estivera reservada ó Rei e a unha nómina reducida de notables, pasa a ser responsabilidade do pobo unha vez que se impón o principio da soberanía nacional. Xurden os partidos políticos e unha mais ampla nómina de notables (burgueses, militares, burócratas, etc.), collen o relevo das vellás clases sociais, simulando representar os intereses da nación española. En realidade o que fixo o século XIX foi ampliar a base social dos detentadores do poder, xa que o pobo, en canto tal, é cautelosamente mantido ó marxen e recurrido a él únicamente cando se precisaba o peso da masa pra variar os destinos dun réxime.

A política convírtese, por conseguinte, nun novo instrumento de ascensión social. Isto supuxo algo inusual pra unhas comunidades conformadas secularmente dacordo a códigos sociais nos que a preeminencia viña determinada po-lo honor ou po-la riqueza. Non debe resultar extraño que as comunidades resistíranse durante moito tempo a valorar con idéntico fervor ás novas xeneracións políticas que viñan a relevar ó clero e á aristocracia no protagonismo político. Si, ademais, temos en conta a acumulación de novos nomes (ministros, deputados, directores xenerales, gobernadores, etc.), que creou o sistema liberal, xa se comprende a dificultade de integración dos novos valores na memoria, sempre selectiva, das comunidades.

Si no seu momento os beneficiados e amigos do líder político non levantaron estatuas no seu honor, é decir, si daquela non convertiron o seu agradecimento en recordo físico permanente, é natural que o pobo, co tempo, esquencera os seus nomes e a súa memoria.

Algo desto sucedeu con D. Xosé Arias Uría, maxistrado honorable, deputado nas Cortes españolas en varias ocasións e ministro de Espartero no ano 1856. Cando iniciamos as nosas investigacións sobre este ilustre betanceiro apenas atopamos referencias non soio en Betanzos (1) senón en Galicia. Soio unha pacente procura fixo posible facer un acopio suficiente de documentos que nos permitiron trazar o “cursus honorum” de Arias Uría, un de tantos políticos esquencidos inxustamente e a quen a cidade de Betanzos debe, dalgunha maneira, recordar. Quezais tamén a súa militancia no progresismo, ás veces un progresismo radical e incómodo, axudou a manter esa especie de “damnatio memoriae” que, agardamos, debe desaparecer.

Neste artigo non intentamos elaborar a súa biografía senón refacer o seu curriculum político.

1.— SINTESE BIOGRAFICA

D. Xosé Arias Uría, fillo de D. Anxel Arias da Cal e de Dona Francisca Uría, naceu na cidade do Ferrol seguramente no ano 1799 (2). A súa familia ven a vivir moi cedo a Betanzos onde tiñan importantes propiedades. Foron veciños da parroquia de Santiago de Betanzos, aínda que as propiedades estaban en Tiobre.

Estudou Dereito na Universidade de Santiago, obtendo o grado de Bachiller en Leyes no ano

* Xosé Ramón Barreiro Fernández é profesor titular do Departamento de Historia Contemporánea e decano da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago.

(1) Temos que manifestar o noso agradecimento a D. Alfredo Erias, arquivista do Concello de Betanzos, que atendeu con premura i entusiasmo a nosa solicitude no aporte dalgunhas noticias.

(2) Varios datos coinciden en que Arias debeu nacer no ano 1799. Na partida de defunción o párroco indica que era de idade “como de 75 anos”. Nun dos procesos a que foi sometido, no ano 1844, un testigo asevera que debe ter 46 anos. Por conseguinte debeu nacer no 1799 ou 1798. Non nos foi posible, polo momento, dar coa súa partida de nacemento.

1825 (3). Posiblemente rematou a carreira de abogado noutra universidade española, xa que a partir do ano 1825 desaparece da documentación do Arquivo Universitario compostelán (4) toda referencia ó noso biografiado.

Contrae matrimonio con Dona Xosefa Sande, da que, polo menos, tuvo un fillo, asimesmo abogado.

Vivindo en Betanzos da súa abogacía e das rentas do seu patrimonio presentarase ás eleccións pra Diputado das Cortes españolas no ano 1839, resultando elixido. Posteriormente volverá a ser elixido nas eleccións de 1841, primeiras do 1843 e, finalmente, en 1854.

Asimesmo foi Diputado Provincial no ano 1843.

Integrado na carreira xudicial, no ano 1854 era fiscal da Audiencia de Mallorca e posteriormente foi maxistrado.

No ano 1856 (15 de xaneiro) foi nomeado Ministro de Gracia e Xusticia por Espartero, cesando o 14 de xulio do mesmo ano e sendo substituído por D. Cirilo Alvarez. A inestabilidade política daqueles anos facía que os cambios de ministros e de gobernos foran moi frecuentes, polo que o seucese, aparentemente tan repentino, era algo moi frecuente.

Morreu na cidade da Coruña o 3 de xaneiro do ano 1873 (5) sendo enterrado, dacordo coas súas disposicións últimas, na cidade de Betanzos a donde foi trasladado.

2.— UNHA FIDELIDADE POLITICA CONTRASTADA

Dende que se meteu na política, sendo estudante da Universidade de Santiago, até a súa morte, Arias Uría mantuvo unha absoluta fidelidade ó progresismo liberal.

Sendo estudante de Dereito en Santiago participou activamente na vida política da cidade durante o Trienio Constitucional (1820-3) militando no liberalismo (6). O 20 de Setembro de 1825 aparece sometido a un expediente de depuración política do que saíu indemne. De feito ós poucos días recibe o grado de Bachiller en Leyes, (7).

Cando os absolutistas recuperaron o poder iniciaron unha pesquisa nos corpos da administración, do exército, do funcionariado, na Eirexa e na Universidade pra purificar a todo elemento acusado de haber militado no liberalismo. A R.O. do 16-III-1825 decretaba a constitución dunha Xunta de Censura, formada por varios membros de probado absolutismo, pra averiguar "los hechos y opiniones que manifestó (o purificado) durante el Gobierno Revolucionario (1820-3) en lo moral, político y religioso". O Tribunal tiña que percurar noticias sobre si a persona sometida á purificación formara parte da milicia nacional "dándose a conocer con uniforme, escarapela o bigote", si participaba nas Sociedades Patrióticas (8) e si mostrara un talante claramente liberal e, por conseguinte, antiabsolutista. Afortunadamente Arias Uría resultou purificado (9) aínda que todos os purificados quedaban cunha nota de sospeita política o que permitía reabrir o expediente na primeira ocasión. É po-lo que coídamos que Arias debeu trasladarse a outra Universidade.

Ser liberal en Betanzos no período 1824-1833 tiña moitos riscos. O sector absolutista estaba dirixido por un personaxe fanático e sin escrúpulos cando tiña que actuar contra os liberais. Referímonos a D. Feliciano Vicente Faraldo, escribano, e "un significado apostólico" (10). D. Feliciano é un dos personaxes políticos máis definidos deste tempo. O seu biolóxico (e interesado) absolutismo levouno a situacións límite denunciando ós sospeitosos, liderando a un grupiño de fanáticos, como él, ós que encomendaba facer as pesquisas até denunciar ós veciños xa non por liberais senón por tibios na defensa do Rey absoluto. O seu fanatismo levouno por exemplo, a impedir á muller de Porlier, recluída no colexio de Orfas de Betanzos, despois do axusticiamento do seu home, poder

(3) Arch. Univ. Santiago, Libro de Grados de Leyes, A-198, fol. 113. Obtén o grado de Bachiller o 8-X-1825.

(4) Como veremos a continuación seguramente cambiou a matrícula por razóns políticas. No 1825 foi expedientado e, a partires deste momento, desaparece toda referencia de Arias Uría nos libros de matrícula e de grados.

(5) Arch. Hist. Dioc. Santiago, Fondo parroquial, San Jorge (Coruña) LS 53.

(6) Pra o período cfr. Barreiro Fernández, *Liberales y absolutistas en Galicia*, Vigo 1982.

(7) Arch. Univ. Santiago, A-176.

(8) Sobre as sociedades patrióticas de Galicia, cfr. Barreiro Fernández, *Liberales y absolutistas*, op. cit.

(9) O tribunal que o xuzgou estaba composto por D. Xosé Antonio Rivadeneira, D. Pedro Martínez Losada, D. Manuel Rosende, D. Xosé González Bermúdez e D. Vicente Moral.

(10) Así a califica F. Vales Villamarín, *Un significado apostólico Gallego, Feliciano Vicente Faraldo*, La Guardia 1977. Fillo de D. Feliciano, era Antolín Faraldo, que militou no progresismo.

dispoñer dos obxectos do seu esposo que personalmente Faraldo mantuvo en depósito durante anos, até que a revolución de 1820 a puxo en liberdade e lle devolveu os records de Porlier (11).

Do odio que había contra Faraldo pode dar testemuña o seguinte informe dado polo axuntamento de Betanzos no ano 1839. Dise nel que D. Feliciano perseguía ás persoas “ya por las miras de hacerse dueño de las propiedades de cada uno, ya por el beneplácito que siempre ha mostrado en hacer la guerra oculta a todos cuantos la armonía de un corazón perverso puede sugerir” (12).

Pero en Betanzos nestes anos tamén había liberais, aínda que tuveran que manifestarse con cautela e prudencia. Ademais do noso biografiado, que exerceu dente 1834 a xefatura do progresismo betanceiro, eran liberais o propietario D. Xosé María Quiroga, o abogado D. Celestino Martínez del Río (sin duda algunha a persona con maior capacidade política despois de Arias), D. Xosé María Patiño, D. Xoan del Muro, D. Manuel Costoyas Valladares, D. Xosé Pimentel, D. Rafael de Lago, etc.

Este sector liberal pouco pudo facer até 1833 cando, morto xa Fernando VII, inicia o réximen absolutista o seu cuarteamento definitivos. No ano 1832, o devandito D. Feliciano Vicente Faraldo conquiere a súa promoción (pola vía política) sendo nomeado Secretario i escribano do Real Hospital de Santiago (13), abandonando por conseguinte Betanzos.

A liberdade política que escomenza a vivir España dende 1834 facilitará a este sector un protagonismo político crecente. Mentras os carlistas, coas armas na man (14) intentan manter a toda costa o sistema absolutista, os liberais adoptan dúas posicións ideolóxicas: Unha moderada e outra máis radical ou progresista. O sector liberal de Betanzos intégrese no progresismo e moi especialmente Arias Uría que, asegún un testigo, dende 1833 vese envolto nos proxectos máis radicais (15).

No ano 1839 preséntase a deputado nas Cortes e conquiere un escano (16). E así como Arias Uría entra na alta política, sempre co partido progresista.

En 1840 os progresistas, liderados xa por Espartero, movilizanse provocando un levantamento xeral contra a Rexente Dona María Cristina, aproveitando a promulgación da nova lei de Axuntamentos que convertía ós alcaldes e ás corporacións nunha especie de sucursal do Goberno. Os progresistas defendían a autonomía municipal.

Nas principais cidades de España e de Galicia constituíense Xuntas Revolucionarias que controlan a mobilización política contra a Rexente e o seu goberno. A Xunta de Betanzos estaba presidida por Arias Uría. Fixéronse co poder municipal e iniciaron unha política represiva contra todos os absolutistas sinificados. A Xunta cesa en forma fulminante ó escribano D. Ramón María González, suspende ó párroco de Ois, D. Francisco Eire, substituíndoo por un fraile exclaustrado (17) e adopta outras medidas radicais (18).

Xa triunfante o levantamento contra a Reina Rexente, que motivou o seu exilio a Francia, e constituído Espartero en Rexente de España, procédese a unha nova lexislatura. No ano 1841 novamente se presenta Arias Uría a deputado, obtendo os votos necesarios (19).

Xa en Madrid a súa fe en Espartero vai sufrir unha dura proba. Ten ocasión de conocer a corrupción do Goberno e o proceso acelerado hacia unha Dictadura personal. Posto a elexir entre a fidelidade a Espartero e a fidelidade ó seu partido, non ten dúbida algunha e será un dos deputados máis críticos do Goberno de Espartero. O 28 de maio de 1842, firma con outros 5 deputados (20), unha proposición que presenta nas Cortes na que se denuncia que o Goberno, que preside o Rexente, “por repetidos actos y en ocasiones diferentes ha obrado fuera del círculo legal”, que se fixeran promesas de reducir o gasto público e o Goberno estaba a facer concesións sin control que xeneraban corrupcións, actuando nestes casos sin a publicidade necesaria i en contra do artigo 74 da Constitu-

(11) Documentación do Arquivo Histórico Municipal de Betanzos que se atopa, por depósito de D. F. Vales Villamarín, no Museo de San Antón da Coruña.

(12) F. Vales Villamarín, *Un significado apostólico*, p. 11, que o toma do Arquivo Histórico Municipal de Betanzos, legaxo “Escribanos”.

(13) Arch. Univ. de Santiago. Fondo Arquivo Hospital, Libro de Cabildos, legaxo 22, Xunta do 2-VII-1832 dando conta do seu nomeamento.

(14) Barreiro Fernández, *El Carlismo Gallego*, Santiago, 1976 coa enumeración das partidas galegas.

(15) Declaración de D. Froilán Troche y Zúñiga, apoderado xeneral do Conde de Taboada, contra Arias Uría, no proceso a que éste foi sometido no ano 1844, Arch. Reino de Galicia, Serie Causas, legaxo 1075/11.

(16) *Diario de Sesiones*, 26-X-1839 en que Arias Uría presenta nas Cortes as súas credenciais de Diputado.

(17) Arch. Reino de Galicia, Serie Causas, 1075/11.

(18) Sobre a constitución e actividades da Xunta Revolucionaria de Betanzos cfr. Bol. Of. Prov. Coruña, 14 de Setembro 1840.

(19) *Diario de Sesiones*, 26-XII-1841.

(20) *Diario de Sesiones*, 28-V-1842.

ción (21). A proposición concluía que “el actual Gabinete... carece del prestigio y fuerza moral necesaria para hacer el bien del país” (22).

Esta proposición significará un voto de censura ó Gobierno, xa que a sua defensa motivará a participación de todos os sectores opostos a Espartero. O Gobierno cae o 17 de xunio de 1842, dando paso a outro Gobierno, todavía mais esparterista, formado polos “ayacuchos” (23) mais belicosos.

O novo Gobierno dissolve as Cortes e no mes de febreiro de 1843 procédese a novas eleccións. Estas eleccións serán, posiblemente as mais limpas en todo este período, xa que os candidatos ministeriais, ou presentados polo Gobierno, van ser contestados non soio polos moderados senón tamén polos propios progresistas xa en franca disidencia con Espartero, o seu antigo líder.

Preparando estas eleccións os progresistas de Santiago orientan o xornal “*La Situación de Galicia*” contra a candidatura “ayacucha” convertíndose este periódico no gran animador da campaña ás eleccións en favor dunha candidatura da provincia dá Coruña claramente progresista e inequivocamente antiesparterista (24). O programador desta campaña será o abogado compostelano D. Pío Rodríguez Terrazo, apoiado por un xoven redactor chamado a ter nombradía na historia de Galicia: Antolín Faraldo, fillo de D. Feliciano, betanceiro tamén, pero militante do progresismo (25).

A candidatura que se forma na Coruña consta de 9 nomes de titulares e de 3 suplentes. Na candidatura están D. Xoaquín María López (26) presentado en moitas provincias, como un símbolo, xa que López representaba neste intre a oposición a Espartero. Candidatos galegos eran D. Vicente Alsina, comerciante da Coruña, “eterno diputado” dos progresistas e líder indiscutible deste partido na cidade. D. Xosé María Suances, progresista e anticlerical, persona de prestixio en toda Galicia. Arias Uría, que representaba a Betanzos. D. Manuel García Uzal, que vivía en Madrid e que estaba no sector mais radical do progresismo o que explica que se pasara axiña ó partido democrático republicano. D. Xosé Vázquez Bugueiro, abogado de Pontedeume e presidente das Xuntas Revolucionarias progresistas daquela vila, D. Hipólito Otero, médico de Santiago e inversor en bens desamortizados. Desconecemos a profesión dos dous candidatos D. Francisco Arias e D. Xoan Francisco Fernández.

Esta candidatura presentou un mínimo programa do que queremos salienta os seguintes aspectos:

- Defensa dunha lei municipal que asegure a sua autonomía.
- Defensa dunha lei sobre Diputacións que asimesmo garante a sua liberdade.
- Reforma da lei, de maneira que se asegure o control e responsabilidade dos gobernos.
- Existir responsabilidades ós Conselleiros da Corona.

A candidatura progresista da provincia da Coruña obtén nas eleccións un extraordinario éxito e, unha vez mais, Arias Uría é deputado nas Cortes (27).

Como o Gobierno ayacucho comprende que non pode gobernar cunhas Cortes contrarias. Espartero acorda disolver, unha vez mais, as Cortes. É o momento entón en que, pechado o camiño legal, non lle queda á oposición ministerial mais saída que o levantamento xeral. Os progresistas aliáanse cos moderados pra mobilizar á poboación e derrocar ó Gobierno. Arias Uría, con Xoan Bautista Alonso, Arias de la Torre, Fernández Poyán e outros deputados son encargados, antes de saír de Madrid, de mobilizar nas suas provincias ás bases.

Xa en Betanzos, Arias Uría nomea e preside unha Xunta Revolucionaria que se fai cárrego do poder municipal (28).

A mobilización é un éxito en toda Galicia, (non esquezamos que está apoiada tamén polos moderados), i Espartero vendo que as cidades se erguen contra o seu Gobierno, e que o exército se pasa en boa parte ó enemigo (Narváez), opta por autoexiliarse en Inglaterra.

(21) Téñase en conta que a constitución vixente era a do ano 1837.

(22) *Diario de Sesiones*, 28-V-1842.

(23) Os “ayacuchos” eran os militares partidarios de Espartero. Procedía o seu nome da batalla de Ayacucho na que estiveron casi todos presentes e na que España practicamente perdeu as posibilidades de permanecer en América. O pobo, despiadadamente, quixo sempre recordalos polo acontecemento da sua derrota.

(24) Aparece este periódico o 25-X-1842, i era o seu Director D. Pío Rodríguez Terrazo. Péchase o 27-II-1843, ó vencer os progresistas nas eleccións.

(25) Sobre Antolín Faraldo preparamos unha Biografía que temos moi avanzada.

(26) Era o líder do partido progresista e o maior crítico dos Ayacuchos.

(27) *Diario de Sesiones*, 24-IV-1843.

(28) Boletín Oficial da prov. da Coruña, Agosto 1843.

PROVINCIA DE LA CORUÑA.

CANDIDATURA INDEPENDIENTE Y DE OPOSICION AL ACTUAL MINISTERIO.

Varios electores de la misma Provincia en perfecto acuerdo con los principios emitidos por la Escama. Diputación en sus aboliciones de 5 y 4 del corriente, tienen el honor de dirigirse a sus conciudadanos, á todos los hombres de bien que se hallen en el caso de ejercer el precioso derecho de votar en la actual eleccion de Diputados á Cortes, para presentársiles y aconsejarles la candidatura que sigue, compuesta de hombres cuya mayor parte por sus honrosos antecedentes han adquirido una reputacion pública inatenuada, y cuyos sentimientos de probidad é independencia de todos ellos, hacen creer con bastante fundamente renunciarlo su encargo á constituirse pública y solemnemente en adhesion á las bases consiguadas por aquel Cuerpo Provincial, que resumidas en breves y sencillos términos son las siguientes:

- 1.^o Constitución de 1837, con sus lógicas y naturales consecuencias.
 - 2.^o Ley de Ayuntamientos y Diputaciones basada en la mayor libertad municipal posible.
 - 3.^o Reforma del sistema tributario en el sentido económico hasta el punto de nivelar los gastos con los ingresos, sin consideraciones personales de ninguna especie.
 - 4.^o Formación de eldigos, y muy especialmente de la ley de responsabilidad ministerial.
 - 5.^o Escoger entre á los actuales consejeros de la Corona, y la cuenta mas atrecha de la formación de los condeles del Estado.
- 6.^o y última. Completa abrogacion de tomar ni pretender empleo ni condecoracion del Gobierno durante su diputacion, para sí, ni para nadie, ni entrar con él en negociaciones de interés particular.

Coruña febrero 17 de 1843.

Diputados.

D. JOAQUIN MARIA LOPEZ.
D. VICENTE ALSINA.
D. JOSE MARIA SUANCES.
D. JOSE ARIAS URIA.
D. JUAN FRANCISCO FERNANDEZ.
D. MANUEL GARCIA UTAL.
D. JOSE VAZQUEZ, PUERTO.
D. HIPOLITO OTERO.
D. FRANCISCO ARIAS.

Suplentes.

D. PATRICIO RODRIGUEZ.
D. DOMINGO ALFONSO.
D. JOSE POSSE.

Senadores.

SERMO. SR. INFANTE D. FRANCISCO DE PALLA.
D. JUAN DE PONTE Y TERREIRO.
D. JOSE BIONISIO LEAL.

Imprenta de Iguertza.

Impreso propagandístico (reducido) das eleccións a deputados a Cortes de 1837.

Iniciase, entón, unha etapa de vacío de poder, xa que os progresistas que eran maioría nas Cortes de febreiro de 1843, ven cómo os moderados introdúcense pasenifamente na maquinaria gubernamental. Os moderados contan agora cun líder indiscutible, Narváez, mentras que os progresistas mantéñense nunha suicida acefalia, xa que a ausencia de Espartero non pode ser improvisada.

Os progresistas galegos intentan unha operación desesperada: A constitución dunha Xunta Central de Galicia que se reúne en Lugo o 15 de xulio de 1843 e que estará presidida por D. Xosé María Suances. Esta Xunta, que pretende manter o control político de Galicia nas mans do partido progresista desaparece o 15 de agosto, pero realmente xa non chegou a funcionar porque os moderadores foron constituindo outras xuntas locais e provinciais, controladas por eles e que dende o primeiro momento negáronse a obedecer á Xunta Central.

Desta maneira o partido moderado pasa ó poder, iniciando a Década Moderada (1844-1854), non como resultado dun golpe de Estado nin por un proceso electoral, senón por un conxunto de circunstancias que levaran a que os progresistas, tendo a maioría nas Cortes, entraran en contradicción co seu líder, Espartero, e gastaran as suas enerxías políticas en desembarazarse del facilitando, sin pretendelo, o paso ós moderados.

Consentes do perigo pretenden facerse fortes nas Diputacións Provinciais. A crema do progresismo da provincia da Coruña logra introducirse como Diputados provinciais e dende alí inician unha tenaz resistencia contra as medidas que xa os moderados iniciaban.

No mes de xaneiro de 1844 forman a Diputación da Coruña 8 progresistas e soio 3 moderados. Entre os progresistas están D. Vicente Alsina, D. Xosé María Suances, Arias Uría, o abogado Chicharro, o comerciante de Muros, Ferrer y Alba o tamén comerciante do Ferrol D. Xosé María Pérez. Pero a minoría moderada é compensada pola presenza do gobernador e Presidente da Diputación que, vendo a oposición dos progresistas e moi especialmente a resistencia á lei de Axuntamentos, decide cesar ós deputados progresistas e iniciar contra eles un proceso (29). Arias Uría é procesado xunto cos outros, aínda que o proceso sería sobreseido.

A disolución desta Diputación Provincial determina unha nova convocatoria electoral e novamente atopamos ó incansable Arias Uría pretendendo controlar as eleccións na súa cidade de Betan-

(29) Arch. Reino de Galicia, Serie Causas, Legaxo 979/3.

zos. Parece ser que, como era entón usual, Arias Uría excedeuse nas súas funcións, xa que non soio movilizou ós seus correligionarios (30) senón que no mesmo acto electoral mandou traer da súa casa unha mesa e unha silla e situándose enfrente da mesa, onde estaban as urnas, facía pasar ós electores e personalmente lles escribía as papeletas e controlaba que as votaran. Por suposto que as papeletas que cubría eran as da súa candidatura. Arias Uría é denunciado e detido e, unha vez máis, ábrese un proceso que novamente sería sobreesido o 19-II-1845 (31).

Os moderados controlan absolutamente o poder e, utilizando nas eleccións o "rodillo caciquil" ministerial (32) que funcionaba en forma perfecta, gracias ós gobernadores que conectaban cos pequenos caciques locais, non lle deixaban posibilidades ós progresistas pra optar a un relevo pacífico. Deiquí que éstos non tiñan máis saída que o pronunciamento militar, contando co apoio da xoven oficialidade máis favorable por diversos motivos (non sempre ideolóxicos) a unha opción progresista (33).

Foi así cómo os progresistas entran na conspiración e no levantamento do ano 1846 (34). Neste ano Galicia protagoniza un levantamento militar que se inicia en Lugo o 2 de abril e que remata o día 26 do mesmo mes cando foron fusilados en Carral 12 oficiais dos pronunciados.

Este levantamento foi o resultado dunha conxunción de forzas políticas nas que queremos salientar tres:

- Sectores militares e civís, do partido moderado, que se erguen non pra cambear de réxime político senón pra que dimitira Narváez acusado de aconchavar a persoas e grupos corruptos na administración.
- Sectores militares e civís do partido progresista que percuran un cambio de réxime, é dicir, que loitan pra que os progresistas volten ó poder.
- Sectores civís, liderados por Pío Rodríguez Terrazo e Antolín Faraldo, que se integran no levantamento con obxetivos políticos radicalmente distintos. Pretendían que Galicia tivera unha cuota de poder político do que manifestamente carecía dende que o centralismo liberal xerarquizara a política española sometendo ó poder central todo o Estado. É por isto polo que estimamos que á xeneración de 1846, formada por intelectuais e profesionais, constitúe a primeira xeneración galeguista. A súa opción, que nunca apareceu orgánicamente ben articulada, podía parecer á altura do ano 1846 unha utopía. Pero aquela utopía, co tempo, convertiuse nun principio de realidade cando Galicia conquistou no ano 1936 o seu primeiro estatuto de autonomía.

Os progresistas de Betanzos participarán en forma moi activa no levantamento, aproveitando que Solís, ó frente das tropas insurrectas ocupa Betanzos o día 17. Noméase un novo axuntamento, formado por liberais progresistas e constitúese unha Xunta na que forma parte Arias Uría. Moitos dos betanceiros pasan a formar parte do exército de Solís (35).

Os progresistas de Betanzos non eran galeguistas. Eles optaban por un levantamento que supuxera un relevo no Estado e o paso do seu partido ó poder.

No ano 1855, cando os progresistas están xa no poder, moitos betanceiros foron condecorados pola súa participación no levantamento. Entre os condecorados, coa Cruz del Valor y la Constancia e sendo declarado Benemérito de la Patria estaba D. Xosé Arias Uría (36) que, sin duda, tuvo que exiliarse en Portugal, como fixeron todos os dirixentes das Xuntas locais, voltando en 1846 cando Pastor Díaz, o digno ministro galego do partido moderado, lles consegue da Raíña Isabel II, con ocasión do seu matrimonio, un xeneroso indulto. Seguramente os dous betanceiros de pro, Antolín Faraldo e Arias Uría, xuntos pasaron as horas do desterro na illa de Peniche (Lisboa) a donde enviaron os portugueses ós dirixentes políticos máis importantes.

(30) Foi nesta ocasión moi axudado polo abogado D. Rafael de Lago.

(31) Arch. Reino de Galicia, Serie Causas, Legaxo 1075/11. Nas declaracións do testigo D. Eduardo Golpe denuncia as intromisións dos progresistas que reparten viño entre os veciños para que voten ós seus candidatos. Pero un sarxento acusa asimismo ós moderados de levar á xente a votar ós seus candidatos.

(32) Sobre o tema das eleccións cfr. Barreiro Fernández, *O Proceso Electoral en Galicia (1810-1868)*, pro ms.

(33) Sobre os pronunciamentos galegos, cfr. Comellas, *Los primeros pronunciamientos en España*, Madrid 1958. Asimismo, Barreiro Fernández, *A conspiración liberal de Galicia do ano 1817*, Grial, (1985).

(34) Barreiro Fernández, *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago 1977.

(35) Arch. Univ. Santiago, Fondo Castroviejo-Blanco Cicerón, Causa formada contra D. José María Quiroga y otros, por haber tomado las armas en abril en Betanzos, 1846.

(36) Tettamancy, *La Revolución Gallega de 1846*, La Coruña 1909, p. 428.

3.— ARIAS URÍA, MINISTRO DE GRACIA E XUSTICIA

No Bienio (1854-6) cando novamente voltan ó poder os progresistas, da man dun pronunciamento militar, houbo tres gobernos presididos por Espartero. No terceiro destes gobernos, cando o réxime estaba prácticamenté liquidado, é nomeado Arias Uría como ministro de Gracia e Xusticia. O nomeamento aparece o 15-I-1856 (37). Arias sucedía no ministerio a D. Manuel Fuente Andrés.

Arias Uría non era evidentemente un político de primeira fila, non era un xefe de partido, nin siquiera dun sector. Pero era un consecuente progresista i Espartero mostrou, ó nomealo, un xeneroso espírito porque non podería esquivar a oposición que no ano 1842 lle fixo no Parlamento. E propio dos grandes homes estes grandes xestos. I Espartero era, evidentemente, un grande home.

O nomeamento de Arias non estaba nos cálculos dos periodistas nin dos augures dos cambios políticos. Ó día seguinte de aparecer o seu nome, tres periódicos de Madrid pregaban ós seus lectores, irónicamente, que lles dixeran quén era Arias Uría (38). O mesmo embaixador inglés Howden amosa certa incredulidade ó conecer o seu nome xa que escribe ó seu Ministro inglés “literalmente nadie parece haber oído jamás algo de él” (39). Mellor enterado de quén era Arias e dos méritos estaba o Cónsul francés da Coruña, que nun informe remitido en 1839 ó seu Goberno, no que xuzgaba a todos os deputados galegos, facía a seguinte ficha de Arias: “Avocat et propriétaire á Betanzos....Doné d’opinions moderes et d’un esprit solide” (40). Xuicio no que temos que coincidir se matizamos a expresión “opinións moderadas” que certamente en 1839 non tiña Arias.

Dirixe o ministerio de Gracia e Xusticia até o 14 de xulio de 1856 día no que cae o Goberno do Bienio e con él, en certa maneira, o réxime progresista.

Examinando a súa laboura como ministro e cinguíndose ós aspectos máis estruturais, podemos dicir que dúas foron as súas grandes preocupacións: A resolución do problema da lei orgánica do poder xudicial entón en período de elaboración e o problema das relacións coa Eirexa, que atopou moi deterioradas. Ambas cuestións merecen unha pequena atención:

a) O problema xudicial:

Arias Uría, maxistrado e home de gran experiencia xudicial, era moi conscente dos problemas personais que afectaban ós xueces (forma de elección, estabilidade, independencia do poder político etc.) i especialmente do grave problema da confección dunha lei orgánica do poder xudicial particularmente en certas cuestións como a da necesidade de separar nítidamente o enxuciamiento civil do criminal.

Inaugura o seu mandato, publicando unha Real Orden (25-I-1856) na que encarga ós Rexentes das Audiencias que percuren que todos os funcionarios dependentes apliquen a estricta xusticia i observen os reglamentos.

